

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 02.03.2017 Hora: 10:30

A Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de marzo de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

- 1.1 2719 (10/POC-000371)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 4 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego dos datos turísticos en Galicia ao longo do ano 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.2 3784 (10/POC-000639)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos resultados do sector turístico durante o ano 2016, a disparidade existente entre os datos referidos á chegada de turistas internacionais a Galicia e os do resto de España e mais as actuacións previstas para a recuperación do sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017
- 1.3 3843 (10/POC-000659)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre os datos referidos ás reunións mantidas pola Xunta de Galicia cos representantes da compañía canadense Brookfield, interesada na compra das centrais hidroeléctricas de Ferroatlántica nos ríos Xallas e Grande
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017
- 1.4 4109 (10/POC-000705)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 5 máis
Sobre o programa de actividades e as principais actuacións de promoción de Galicia na 37ª edición de Fitur e o balance por parte do Goberno
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017
- 1.5 4308 (10/POC-000739)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co aumento para as persoas consumidoras de electricidade en Galicia da factura da enerxía eléctrica por mor

da aplicación do canon eólico, as actuacións que vai levar a cabo para evitalo e a demanda ao Goberno central da modificación do artigo 16.4 da Lei do sector eléctrico

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 09.02.2017

- 1.6 4659 (10/POC-000798)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co impacto nas familias, as explotacións e as empresas dos cortes de longa duración na subministración de enerxía eléctrica producidos durante os temporais rexistrados en Galicia dende o 2 de febreiro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017
- 1.7 4668 (10/POC-000802)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co impacto que tiveron na vida diaria da cidadanía e na actividade económica das empresas e autónomos, nomeadamente do sector gandeiro e da hostalería, os cortes na subministración de enerxía eléctrica producidos en moitos concellos durante o temporal rexistrado en Galicia na primeira fin de semana de febreiro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017
- 1.8 4719 (10/POC-000815)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas actuacións levadas a cabo polas compañías eléctricas para xestionar as incidencias e reparar os danos producidos durante o temporal rexistrado en Galicia nos últimos días do mes de febreiro de 2017, así como as previsións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2719(10/POC-000371)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 4 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego dos datos turísticos en Galicia ao longo do ano 2016

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 11:34
Nº Rexistro: 2719
Data envío: 29/12/2016 11:34:29.983

Á Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O ano 2016 está supondo un fito histórico para o turismo en Galicia.

Neste altura do ano xa temos superado o número de peregrinos do último Ano Santo Compostelán de 2010, pois son xa máis de 275.000 os peregrinos de máis de 150 nacionalidades que teñen recibido a “Compostela”.

Os estranxeiros que visitan as cidades galegas se multiplican. É o quinto ano consecutivo que este segmento do turismo internacional presenta resultados positivos neste período, circunstancia que coloca o nivel de 2016 en máximos históricos tanto de viaxeiros aloxados como de pernoitas. O peso deste mercado sitúase no 23% do total da demanda turística regrada.

A ocupación hoteleira nos enclaves máis solicitados rozou o 100% durante o verán. Ao longo deste ano o incremento da demanda prodúcese en todas as tipoloxías de aloxamento consideradas. En termos de volume son os hoteis os que absorben boa parte da demanda pero tamén sube a demanda de forma máis destacada nos apartamentos turísticos, incrementándose as pernoitas nun 28,7%.E nos establecementos de turismo rural o crecemento é do 17,8% e nos cámpings é do 15,2%.

Unha vez coñecidos os últimos datos turísticos en Galicia e tendo en conta que se trata dun ano non Xacobeo é polo que os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 11:34
Nº Rexistro: 2719
Data envío: 29/12/2016 11:34:29.983**

Que valoración fai o Goberno Galego da evolución dos datos turísticos na nosa Comunidade a longo deste ano 2016?

Santiago de Compostela, 29 decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 29/12/2016 11:31:06

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2016 11:31:22

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2016 11:31:56

Marta Novoa Iglesias na data 29/12/2016 11:32:10

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/12/2016 11:32:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 3784(10/POC-000639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos resultados do sector turístico durante o ano 2016, a disparidade existente entre os datos referidos á chegada de turistas internacionais a Galicia e os do resto de España e mais as actuacións previstas para a recuperación do sector

Publicación da iniciativa, 52, 25.01.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Mentres o sector turístico en España bate records coa chegada de 75,3 millóns de viaxeiros internacionais, en Galicia baixa un 19 %, cunha chegada de 1.021.536 de viaxeiros internacionais.

Galicia non só é a comunidade que experimentou un maior descenso na súa rendibilidade, tamén é a que obtén os ingresos máis baixos das catro comunidades do norte.

O sector do turismo a día de hoxe podemos consideralo como unha actividade económica moi importante para Galicia, xa que contribúe a crear numerosos postos de traballo e favorecer o reequilibrio territorial.

Ante esta situación os deputados que asinan preguntan:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos resultados do turismo durante o ano 2016?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego da disparidade dos datos, sobre a chegada de turistas internacionais, entre os do Goberno de España e os da Xunta de Galicia?

3ª) Considera que a situación actual pode ter a súa orixe na mala xestión e errática política de promoción realizada nos últimos anos?

4ª) Que actuacións pensa desenvolver o Goberno galego para contribuír á recuperación do sector turístico en Galicia?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 16:30
Nº Registro: 3784
Data envío: 19/01/2017 14:21:13.229



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/01/2017 14:17:28

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/01/2017 14:17:45

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 3843(10/POC-000659)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre os datos referidos ás reunións mantidas pola Xunta de Galicia cos representantes da compañía canadense Brookfield, interesada na compra das centrais hidroeléctricas de Ferroatlántica nos ríos Xallas e Grande

Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para o súa resposta oral en Comisión, **relativa ás xestións ante a Xunta de Galicia da compañía Brookfield interesada na compra das centrais hidroeléctricas sobre as que Ferroatlántica ten unha concesión en vigor.**

De maneira reiterada a compañía Ferroglobe-Ferroatlántica lanza aos medios noticias afirmando que o proceso de venda das centrais sobre as que ten concesións nos Ríos Xallas e Grande está moi avanzada.

Todo elo desprezando a legalidade manifestada por sendas sentencias xudiciais do Tribunal Superior de Galicia e do Tribunal Supremo e varias resolucións do Parlamento de Galicia, unha delas presentada por este Grupo en forma de Proposición non de lei, que impiden a segregación e posterior venda das centrais.

Nos últimos días Ferroglobe afirma que a venda se realizara á compañía canadense Brookfield.

Chegou ao noso coñecemento que representantes legais da compañía Brookfield reuníronse, en recentes datas, con responsables do Goberno da Xunta de Galicia. Reunión que nos parece moi preocupante se verdadeiramente se produciu.

A este fin, En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2017 12:04
Nº Rexistro: 3843
Data envío: 20/01/2017 12:04:11.225



- 1.^a) Produciuse realmente a reunión mencionada? En que data?
- 2.^a) Que responsables da Xunta de Galicia se reuniron con Brookfield?
- 3.^a) Cales foron os asuntos tratados nesa reunión?
- 4.^a) En caso de que a reunión se producise, que información lles trasladaron, aos representantes de Brookfield, os responsables da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 20/01/2017 12:00:41

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 4109(10/POC-000705)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 5 máis

Sobre o programa de actividades e as principais actuacións de promoción de Galicia na 37^a edición de Fitur e o balance por parte do Goberno

Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017

Á Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado día 22 de xaneiro pechou as súas portas a trixésima sétima Feira Internacional de Turismo, FITUR, cunha cifra récord de 245.000 visitantes entre profesionais e público xeral, un 6% máis que o ano anterior.

Nas tres xornadas reservadas a profesionais, o crecemento respecto a edición anterior foi dun 9%, acadando os 135.835 participantes cunha alta representación internacional.

Unha feira que, segundo a dirección de FITUR, clausurouse cunha excelente valoración comercial dado o alto volume de acordos e contratos celebrados.

Estes datos confirman que FITUR converteuse un ano máis no mellor escaparate para difundir e promover o destino de Galicia. Un pulo imprescindible para continuar, neste 2017, na senda do crecemento de turistas que escollen visitarnos.

Por todo o anteriormente exposto e logo da intensa participación de Galicia nesta última edición de FITUR cunha superficie de preto de 1000 metros cadrados, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cal foi o programa de actividades e as principais actuacións de promoción de Galicia na 37 edición de Fitur?
2. Que valoración fai o Goberno das mesmas?
3. Cal é balance que fai o Goberno da participación de Galicia nesta 37 edición de Fitur?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 13:47
Nº Rexistro: 4109**
Data envío: 26/01/2017 13:47:31.570

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 26/01/2017 13:34:24

Raquel Arias Rodríguez na data 26/01/2017 13:34:46

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/01/2017 13:34:56

Teresa Egerique Mosquera na data 26/01/2017 13:35:16

Marta Novoa Iglesias na data 26/01/2017 13:35:29

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/01/2017 13:35:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 4308(10/POC-000739)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co aumento para as persoas consumidoras de electricidade en Galicia da factura da enerxía eléctrica por mor da aplicación do canon eólico, as actuacións que vai levar a cabo para evitalo e a demanda ao Goberno central da modificación do artigo 16.4 da Lei do sector eléctrico

Publicación da iniciativa, 63, 09.02.2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:03
Nº Rexistro: 4308
Data envío: 31/01/2017 13:03:20.497

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao incremento da factura de luz dos galegos e galegas por obrigar o goberno central a cargar o canon eólico e ás actuacións que ten pensado impulsar o goberno galego.

A Lei do sector eléctrico en vigor dende 1997 abría a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Esta posibilidade converteuse en imposición coa nova Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, que contemplaba no punto 4 do artigo 16 que “en caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico foran gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das CCAA ou recargas sobre os tributos estatais, á peaxe de acceso poderá engadírselle un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recargo e que deberá ser abonado polos consumidores localizados no ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma”.

O BNG, na emenda á totalidade a este proxecto de lei do sector eléctrico xa alertaba desta cuestión, sinalando que “é un proxecto de Lei claramente centralista que non contempla as diferentes achegas ao sistema eléctrico desde o ámbito territorial e que impide a comunidades autónomas excedentarias como a galega o desenvolvemento dunha política enerxética propia.” E recalcábamos que abríase a porta “a que as Comunidades Autónomas con impostos propios á actividade de subministro eléctrico,



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:03
Nº Rexistro: 4308

Data envío: 31/01/2017 13:03:20.497

como en Galiza, paguen un suplemento territorial; esta medida discrimina negativamente ás Comunidades que soportan as instalacións de xeración, o que implica que as comunidades que teñen que soportar os custos sociais e medioambientais da xeración eléctrica, no canto de verse recompensadas, vense prexudicadas dobremente”.

Estes suplementos territoriais non entraron en vigor coa implantación da lei, polo que Gas Natural Fenosa recorreu ante o Supremo, que ven de darlle a razón, o que implica a incorporación inmediata destes suplementos.

Polo tanto, trátase dunha clara discriminación dos consumidores galegos, que non so teñen que ver como non obteñen ningún beneficio por vivir nun territorio excedentario na produción eléctrica, senón que se ven penalizados por ese feito. Ademais, este “suplemento” pon de manifesto a falacia de que existe unha tarifa unificada para todo o Estado. As galegas e galegos pagaremos máis que os territorios que non producen electricidade. Dende o BNG cremos que debe existir un prezo da electricidade asociado á situación de territorio excedentario ou deficitario, de cara a que, no caso de tratarse dun territorio excedentario, repercuta positivamente na economía dese territorio e asuma así algún beneficio en compensación das externalidades negativas que produce o sector eléctrico.

O canon que a Xunta cobra á eólica estímase que no 2017 terá unha recadación de 22,9 millóns de euros. Segundo as cifras que manexa a CNMC sobre o número de clientes do servizo eléctrico que hai na comunidade, ao redor de 1,7 millóns, supón que a cada un dos consumidores galegos tocaríalle abonar case 13 euros anuais de media. En Galiza existe tamén o canon hidráulico e a ecotaxa, que pagan as empresas eléctricas á Xunta, e que, teoricamente, tamén poderían sumarse a ese hipotético suplemento territorial a pagar polos galegos/as.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:03
Nº Rexistro: 4308
Data envío: 31/01/2017 13:03:20.497

Para rematar, cómpre sinalar como a aplicación destes suplementos nos amosa o errado do modelo eólico deseñado pola Xunta de Galiza de Feijóo, xa que o canon eólico é un tributo que penaliza a enerxía eólica, o que supuxo no momento da súa implantación un claro paradoxo, ao existir tamén axudas á produción en forma de primas ou tarifas reguladas. Non se pode “primar”, e dicir, incentiva, e ao mesmo tempo “gravar”, isto é, “desincentivar” a mesma actividade económica. Polo tanto, a xunta renunciou á participación pública do Goberno Galego nos proxectos eólicos e a cambio impulsou un canon que vai ter que ser pagado polos consumidores, o cal trátase doutro claro exemplo do fracaso da política eólica de Feijóo.

Por todo isto, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

-Como valora a Xunta de Galiza o feito de que as e os consumidores de electricidade de Galiza vaian ter que pagar máis polo feito de sermos produtores de enerxía eléctrica?

-Que ten pensado facer o goberno galego para evitar que as persoas consumidoras de electricidade en Galiza vexan un incremento aínda maior da súa factura por mor do canon das eólicas?

-Considera acertada a Xunta de Galiza a decisión de impulsar e manter o canon eólico?

-Vai modificar a Xunta de Galiza a súa política fiscal en relación á produción de enerxía?

-Ten pensado a Xunta de Galiza demandar do estado a modificación do punto 4 do artigo 16 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, de xeito que o



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:03
Nº Rexistro: 4308
Data envío: 31/01/2017 13:03:20.497

feito de un territorio ser produtor de enerxía repercute positivamente nos consumidores dese territorio en forma dun menor recibo da luz, no canto de que, como sucede na actualidade, vaia a significar un maior custo?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2017 12:57:31

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2017 12:57:36

Xosé Luis Rivas Cruz na data 31/01/2017 12:57:42

María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2017 12:57:46



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:03
Nº Rexistro: 4308

Data envío: 31/01/2017 13:03:20.497

Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2017 12:57:48

Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2017 12:57:51

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 4659(10/POC-000798)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co impacto nas familias, as explotacións e as empresas dos cortes de longa duración na subministración de enerxía eléctrica producidos durante os temporais rexistrados en Galicia dende o 2 de febreiro de 2017

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en Comisión, **relativa aos cortes de longa duración producidos no servizo de distribución eléctrica desde o pasado xoves 2 de febreiro en moitas zonas de Galicia.**

O pasado xoves 2 de febreiro produciuse en Galicia un temporal de intensidade media que estaba previsto nas predicións meteorolóxicas.

Como consecuencia do mesmo moitas instalacións de distribución eléctrica ao longo do país sufriron incidencias que deixaron sen servizo a máis de 50.000 persoas durante longos períodos de tempo, nalgúns casos de mais de 5 días.

Estes inxustificadas cortes de longa duración provocan innumerables e cuantiosos prexuízos persoais e económicos á cidadanía, agravados polo feito de que ademais soen implicar a caída da rede de telefonía.

A responsable do monopolio natural da distribución en Galicia, e de maneira case única, a compañía Gas Natural Fenosa Distribución, que percibe ao ano o importe que polo servizo de distribución se carga nos recibos de todos os abonados e abonadas. No último exercicio Fenosa ingresou por este concepto 715 M€ unha cantidade importantísima e que debería garantir un servizo de máxima calidade e seguridade.

Este importe desglósase nas seguintes partidas: 429 M€ para inversións na actualización e mellora das instalacións; 160 M€ para operación e mantemento e 126 M€ para outras tarefas (lectura de contadores, facturación, atención telefónica, planificación e custes de estrutura).



Trátase de trasladar á cidadanía que os cortes de luz son consecuencia normal do mal tempo; un mal tempo previsto con antelación. Pero isto non é así, e debese, segundo o noso criterio, aos seguintes factores:

-Falta de desenvolvemento e planificación dunha rede máis segura e redundante e de inversións suficientes para facelo posible, sobre todo no medio rural.

-Ausencia total de mantemento preventivo da rede e das servidumes de paso das liñas.

-Subcontratación dos traballos de reparación de avarías a compañías con insuficientes medios técnicos e persoais e escaso coñecemento das instalacións e das zonas onde deben actuar.

A ausencia de persoal propio da compañía de maneira estable, en todas as comarcas, fai que en caso de avarías ou incidencias as compañías subcontratadas tarden moito en intervir e non teñan boa información das incidencias máis salientables para priorizalas. Desta maneira os responsables públicos locais e os cidadáns non teñen a ninguén de referencia para poder trasladar reclamacións e información sobre situacións críticas, tendo como único contacto un teléfono de atención xeral que en situacións como a que acaba de acontecer adoita estar saturado e tórdanse varios días en recibir contestación ás reclamacións.

Ante todo o exposto desde En Marea consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que informar de maneira precisa á cidadanía e a este Parlamento da situación da rede de distribución eléctrica e das inversións e traballos de mantemento que sinalizan na mesma.

A este fin, En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral en Comisión:



1ª.- Cales foron os investimentos na rede de distribución eléctrica en Galicia por parte de Gas Natural Fenosa Distribución nos últimos 5 anos?

2ª.- Cal é o orzamento anual de Gas Natural Fenosa Distribución de mantemento da rede en Galicia?

3ª.- Ten a Xunta de Galicia, ou pensa desenvolver, un informe do número de fogares afectados polos cortes de luz do último temporal?

4ª.- Ten a Xunta de Galicia, ou pensa desenvolver, un informe sobre o impacto económico sobre as familias, as explotacións e as empresas afectadas polos cortes de luz do último temporal?

5ª.- Considera a Xunta de Galicia que os longos tempos de reposición do servizo teñen que ver co desmantelamento das plantillas da compañía distribuidora trasladando os traballos a subcontratas?

6ª.- Vai exixir a Xunta de Galicia á compañía distribuidora o pago áxil, xusto e rápido das indemnizacións que correspondan, incluíndo procedementos de reclamación sinxelos e accesibles, como por exemplo un boletín físico e telemático no próximo recibo que informe dos dereitos de reclamación e de maneira clara e sinxela como é o proceso para desenvolver dita reclamación?

7ª.- É coñecedora a Xunta de Galicia de que Gas Natural Fenosa Distribución é a única das grandes compañías distribuidoras no Estado con penalizacións na remuneración polas deficiencias no servizo?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4659
Data envío: 07/02/2017 14:05:19.244

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 07/02/2017 14:02:33

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 4668(10/POC-000802)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co impacto que tiveron na vida diaria da cidadanía e na actividade económica das empresas e autónomos, nomeadamente do sector gandeiro e da hostalería, os cortes na subministración de enerxía eléctrica producidos en moitos concellos durante o temporal rexistrado en Galicia na primeira fin de semana de febreiro de 2017

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A oposición desenvolvida polo Partido Popular entre 2005 e 2009, cun enfoque catastrofista que culpabilizaba de calquera problema que xurdía ao goberno da Xunta, dende o mesmo momento de producirse, foi sempre considerada polos socialistas como unha sobreactuación puramente electoralista.

No caso dos temporais que teñen afectado ao conxunto de Galicia dende fai case unha semana, e suficientemente previstos polos diferentes servizos de predición meteorolóxica, os socialistas tivemos a prudencia de agardar unha reacción do Goberno galego ante os graves problemas xurdidos en diferentes ámbitos no país, nos cortes no subministro eléctrico, na afectación de infraestruturas públicas, afectación en bens privados, cortes nas vías de comunicación que afectaron gravemente ao transporte público, abandono dos concellos a súa sorte e unha tardía reacción do sistema público de emerxencias que mostrou unha vez máis a súa incapacidade de coordinación.

Lamentablemente, os cortes de subministro eléctrico nos concellos do rural galego son bastante habituais en moitas ocasións, e cando temos algunha adversidade meteorolóxica, algo habitual en Galicia durante o outono e o inverno, as e os habitantes do rural quedan a súa sorte, esquecidos pola Administración e polas empresas eléctricas.

No rural viven veciños e veciñas, que pagan os seus impostos e as súas facturas de enerxía, e que teñen dereito a ter unha calidade de vida digna, non tendo xustificación que cada certo tempo pasen horas, ou mesmo días, sen subministro eléctrico, impedindo que poidan facer unha vida cotiá en condicións normais e supoñendo, nalgúns casos, perdas económicas importantes derivadas destes cortes.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No caso das empresas establecidas no rural, sendo estas fundamentalmente explotacións gandeiras que precisan deste subministro para poder levar a cabo a súa actividade económica, supón un atranco engadido e importantes perdas económicas para as explotacións. Tamén empresas de servizos, como a hostalaría, se viron moi afectadas por estes cortes.

Estamos falando de máis de 200.000 as persoas afectadas por estes cortes de electricidade antes do fin de semana, en algúns casos mais de dous días, o que supón en torno ao 20 % dos fogares existentes en Galicia. E, aínda o luns, tres ou catro días despois continúan miles de persoas sen subministro enerxético.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia dos graves efectos que tivo na vida cotiá dos galegos e das galegas os cortes de subministro eléctrico nun gran número de concellos de Galicia?
2. É consciente a Xunta de Galicia dos graves efectos que tiveron na actividade económica de moitas empresas e autónomos, nomeadamente o sector gandeiro e a hostalaría, os cortes de subministro eléctrico nun gran número de concellos de Galicia?
3. Vai considerar a Xunta de Galicia a apertura dun expediente ás compañías eléctricas polos cortes, tan prolongados no tempo e que afectaron a tantas áreas da comunidade autónoma, no subministro de enerxía eléctrica?
4. Vai esixir a Xunta de Galicia compensacións económicas ás compañías eléctricas polos danos provocados na actividade diaria de familias e empresas?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4668
Data envío: 07/02/2017 14:22:28.994



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/02/2017 14:11:40

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/02/2017 14:11:47

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2017 14:11:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 4719(10/POC-000815)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas actuacións levadas a cabo polas compañías eléctricas para xestionar as incidencias e reparar os danos producidos durante o temporal rexistrado en Galicia nos últimos días do mes de febreiro de 2017, así como as previsións ao respecto

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 10:56
Nº Rexistro: 4719
Data envío: 08/02/2017 10:56:18.028

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa a obter información das conclusións ás que chegou o goberno galego após o expediente informativo de febreiro de 2017 ás compañías distribuidoras de electricidade.

Or pasado 6 de febreiro de 2016 a Xunta de Galiza comunicou que a raíz do temporal vivido no noso país “A Xunta está avaliando a situación tras os cortes no subministro eléctrico que se produciron en Galicia a causa do temporal dos últimos días para o que abrirá un expediente informativo ás compañías distribuidoras co obxecto de confirmar que os protocolos de traballo seguidos foron os axeitados.”

Por todo isto, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

- Que valoración fai o goberno galego das actuacións levadas a cabo por parte das compañías eléctricas para xestionar as incidencias durante o temporal?

- Considera a Xunta de Galiza que se cumpriron os protocolos de maneira suficiente?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 10:56
Nº Rexistro: 4719
Data envío: 08/02/2017 10:56:18.028



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten avaliado o goberno galego se as compañías eléctricas cumpren de forma suficiente as esixencias en materia de prevención de incendios e acondicionamento das zonas de paso das liñas eléctricas?

- Ten constancia o goberno galego de se cumpren as distribuidoras os límites de calidade das liñas?

- Como valora o goberno galego o proceder das compañías eléctricas canto á subsanación de danos para as persoas afectadas?

- Ten información a Xunta de Galiza a respecto da cantidade de persoas afectadas polos danos do temporal así como das contías económicas?

- Presentou ou vai presentar a Xunta de Galiza sancións contra as compañías eléctricas?

- Ten pensado o goberno galego instar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 10:56
Nº Rexistro: 4719

Data envío: 08/02/2017 10:56:18.028

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2017 10:54:54

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2017 10:54:59

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2017 10:55:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2017 10:55:07

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2017 10:55:12

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2017 10:55:13